

ACTA DA 1ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE NOVIEMBRE DE 2017 DO PROCEDIMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN ORDINARIA DO SUBMINISTRO DE SOPORTES PARA COLECTORES DE R.S.U., PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DO CONCELLO DA ESTRADA CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2017-Liña 1.

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial do Concello da Estrada, sendo as **11:20 horas**, do día 30 de novembro de 2017, reúnense os integrantes da Mesa de Contratación que se constitúe para proceder á apertura de plicas correspondentes ao contrato do SUBMINISTRO DE SOPORTES PARA COLECTORES DE R.S.U., PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DO CONCELLO DA ESTRADA CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2017-Liña 1, que son:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde D. José C. López Campos.

VOGAIS:

- Dona María Jesusa Fernández Bascuas, Secretaria acctal., Municipal
- Don Luis Manuel Lozano Lorenzo, por parte da Intervención Municipal (en substitución de Dna. Ana María Vigo Fariña)
- D. Juan Manuel Constenla Carbón, 1º Tenente de Alcalde
- Dna. Belén Louzao Vieites representante do PS de G-PSOE.
- Non asisten:
- D. Xosé Magariños Maceiras representante do BNG
- Dona Mar Blanco Casais, representante de MOVETE.
- SECRETARIA DA MESA: Dna. María Josefa Martínez Barros, Administrativo adscrita ao Departamento de Secretaría.

Polo Presidente, indícase aos compoñentes da Mesa que, dentro de prazo, so presentou oferta a empresa BAYGAR S.L.

En canto ás empresas DENUEVO PUNTO CREATIVO S.L., e ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES S.L.U., presentan as proposicións fóra de prazo, pois o anuncio de licitación foi publicado no Boletín Oficial da Provincia o día 31 de outubro de 2017, abrindo un prazo de quince días naturais contados dende a data da súa publicación (de conformidade co artigo 159.2 do TRLCSP e co Prego de Cláusulas Administrativas Particulares) para que as empresas interesadas puidesen presentar as súas ofertas. A plica presentada pola empresa DENUEVO PUNTO CREATIVO S.L., foi presentada na Oficina de Correos o día 15 de novembro e comunicado ao departamento de Secretaría Municipal mediante fax, o día 16 de novembro en vez de o 14 de novembro que era o último día para a súa presentación, e o mesmo ocorreu coa empresa ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES S.L.U., que presenta a plica no Rexistro de Entrada do Concello o día 15 de novembro, cando o prazo rematará o día 14 de novembro, polo tanto a Mesa acorda por unanimidade excluir ás indicadas empresas desta licitación.

Seguidamente procédese á apertura do sobre A (documentación administrativa) da empresa BAYGAR S.L., que resultou ser a única admitida nesta licitación e examinada a mesma compróbase que presenta correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, así como a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 8, SOBRE A, do Prego Administrativo.

A continuación e de conformidade co establecido nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e en acto público, continúaase coa apertura do sobres B (Oferta) co seguinte resultado:

BAYGAR S.L.

		Puntos
--	--	--------

Oferta económica:	Prezo unitario: 363 € (IVE incluído) ata un máximo de 64.432,50 euros IVE engadido.	70
Prazo de entrega	2 meses (non reduce)	0
Garantía dos soportes de colectores	3 anos a maiores dos 2 previstos nos pregos.	10
TOTAL.....		80

En consecuencia co anterior, e coas previsións do pregos, a Mesa de contratación realiza ao órgano de contratación a súa correspondente Proposta de adxudicación, a favor da empresa BAYGAR S.L.. Non obstante, previamente á adxudicación definitiva, o licitador, no prazo máis breve posible, e non máis alá de 10 días hábiles, deberá aportar:

a) A documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co art. 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores) deberá de presentar toda a documentación relacionada na cláusula 8 e que declarou posuir mediante a declaración responsable presentada no sobre A.

b) Xustificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias e para coa Seguridade Social.

c) Xustificación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe correspondente, no ámbito municipal, provincial ou nacional.

d) Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas art. 96 do RD Legislativo 3/2011. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado este acto sendo as once horas e corenta minutos do día do seu comezo.

O PRESIDENTE DA MESA,

A SECRETARIA DA MESA,

(documento asinado electrónicamente á marxe